

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Exp. Núm. 2838/2025

ANTECEDENTES:

Mediante Decreto de Alcaldía de data 29/11/2024 aprobáronse as bases reguladoras do proceso de selección para o nomeamento en propiedade polo procedemento ordinario mediante oposición libre de tres (3) prazas da categoría de Policía Local como funcionarios de carreira do Concello de Lalín.

Con data do día 12.06.2025 celebrouse nas instalacións deportivas do CDM Lalín Arena o primeiro exame, tipo test, do proceso selectivo arriba sinalado e que de acordo coas bases que rexen o mesmo, consistía en responder a un cuestionario de 100 preguntas tipo test con catro posibles respostas e das cales só unha era correcta.

Con data 19/06/2025, emitiuse Acta por parte do Tribunal Cualificador de dito proceso, na que se expón que debido a un erro de transcripción do exame dun formato libreoffice a un formato word, compróbase que en todos os cuestionarios existen unha serie de preguntas cuxa resposta ten un tamaño de letra lixeiramente superior a do resto e que coincide coa resposta considerada correcta polo tribunal. Este feito, pode supoñer unha vantaxe moi clara para as persoas que se puideron dar conta do mesmo, xa que case un terzo do exame, poderían acertalo se contar con eses coñecementos básicos e esenciais para todo aspirante á función pública. En concreto 39 preguntas das 100 conteñen elementos suficientes para proceder á súa anulación. Isto supón un número substancial, xa que estamos a falar de practicamente o 40% do exame, afectando a materias troncais a todo proceso selectivo e esenciais para avaliar a capacidade e coñecementos das persoas que optan ao ingreso na función pública. Polo que, o Tribunal Cualificador propón por



unanimidade, a anulación de dita proba, invalidando o exercicio celebrado o pasado día 12.06.2025.

Considerando os elementos descritos na acta emitida polo Tribunal Cualificador, e posto que este é o único exame de coñecementos teóricos co que conta o presente proceso selectivo, goza de especial relevancia, co que para poder garantir os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade no acceso as funcións e cargos públicos, e dado que non se procedeu á corrección dos exames coa publicación dos resultados, é polo que,

De conformidade có exposto, e facendo uso das atribucións que me confiren os artigos 21 e concordantes da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, o artigo 41 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e o art. 10 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público,

DISPOÑO:

PRIMEIRO.- Acordar a suspensión do proceso selectivo para o nomeamento en propiedade polo procedemento ordinario mediante oposición libre de tres (3) prazas da categoría de Policía Locais como funcionarios de carreira do Concello de Lalín, invalidando o exercicio celebrado o pasado día 12.06.2025.

SEGUNDO.- Proceder á publicación dunha nova data e lugar no que se celebre o primeiro exercicio da oposición para a provisión das tres prazas de policía local do Concello de Lalín.

En Lalín, na data da sinatura electrónica.

O Alcalde-Presidente

Xosé Crespo Iglesias

O Secretario Xeral

César López Arribas

